



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE OUTUBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1801/2010.- Fundación Galega da Formación para o Traballo.- Oficinas na rúa de Airas Nunes.

Lic/671/2010.- Francisco Javier Ruanova Sánchez.- Legalización de substitución de cuberta e acondicionamento interior na rúa do Castiñeiriño nº 42.

Lic/2110/2009.- José Otero Suárez.- Vivenda unifamiliar na rúa do Carballo.

Lic/1529/2010.- Manuel Isaac Fuentes Regueiro.- Substitución da cuberta nun garaxe sito na rúa Decoita nº 8.

Lic/1331/2010.- Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.- Acondicionamento da unidade de resonancia electromagnética na rúa da Choupana, Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

Lic/1183/2009.- Manuel Aldrey Tejo.- Vivenda unifamiliar no lugar de Lobio.

Lic/1739/2010.- Construcciones Dianas, S. L.- Legalización das modificacións levadas a cabo na edificación executada na rúa Outeiro de Sar, 10.

Lic/1552/2010.- Luís Francisco Rosón Ferreiro.- Legalización da ampliación da primeira pranta da vivenda unifamiliar en execución situada no lugar de Fondóns.

Lic/2222/2008.- Promociones y Construcciones Mujico Pena, S. L.- Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de maio de 2009, para construción de tres vivendas encostadas en Poza Real de Abaixo, desta cidade.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/933/2010.- FUNDACIÓN ARAGUANEY.- Supresión da primeira das condicións impostas na licenza concedida e autorizar a colocación da tipografía e o logotipo incrustado en mármore gris grafito no pavimento da entrada ao local sito na rúa Vilar nº 21.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles que se poideran producir nos bens e servizos públicos municipais derivados da celebración do concerto de JEAN MICHEL JARRE. O importe da fianza é de 12.000 €.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles que se poideran producir nos bens e servizos públicos municipais derivados da celebración do concerto de CARLOS NÚÑEZ. O importe da fianza é de 6.000 €.

FERGAL (HOSTEIGA SCG).- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles que se poideran producir nos bens e servizos públicos municipais derivados da realización dun parque temático de Galicia. O importe da fianza é de 12.000 €.

4.- Proposta da alcaldía relativa á delegación de competencia da Xunta de Goberno Local na concelleira delegada de Contratación.

Acórdase (en virtude da modificación da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público consistente na desaparición da adxudicación provisional) delegar o requirimento ao licitador que teña presentada a oferta económica máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, ou no prazo que poida establecer a Comunidade Autónoma, presente a documentación establecida, na concelleira delegada de Contratación.

5.- Corrección de erros do acordo de adxudicación da Prestación do servizo de Dinamización Social, Igualdade de oportunidades, Formación e Educación de colectivos en risco de exclusión do proxecto europeo urbana, pertencente á iniciativa comunitaria "Santiago Norte" do fondo FEDER da Unión Europea.

Procédese á corrección do erro, relativo á admisión dunha proposta inicialmente rexeitada, sen que se registre variación da adxudicación.

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á renovación e novas concesións de uso das Hortas Urbanas de Belvís.

Procédese á renovación de parcelas, autorizacións de uso e adxudicación de parcelas, así como á aprobación das listas de agarda.

7.- Toma de razón dun escrito sobre incidencias na execución do extinto contrato de xestión do servizo municipal de axuda no fogar e adopción de acordo, se procede.

Acéptase a liquidación dos intereses de demora efectuada pola Intervención municipal e procédese ao recoñecemento da obriga e pagamento por importe de 4.061,07 euros a favor da empresa Clece, SA.

8.- Toma de razón de escritos formulados por diversas empresas sobre incidencias na execución de obras e adopción de acordo, se procede.

Dáse conta de dúas reclamacións presentadas e acórdase que os servizos de Contratación, Proxectos e obras e Tesourería procedan a emitir os informes técnicos necesarios que permitan a adopción dun acordo.

9 a 71.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

72.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

Rexéitase un recurso de reposición relativo á bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

73.- Requerimento documentación previa á adxudicación do Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela

Acórdase requerir a documentación á empresa coa máxima puntuación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social, así como a constitución da garantía definitiva e o pago das taxas municipais.

74.- Dar conta pola concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais da sinatura de diversos convenios.

Dáse conta da sinatura de convenios con: Ateneo de Santiago de Comostela, Asociación Cultural Barriga Verde, Conservatorio de Música Tradicional e Folque, Asociación Cultural Cidade Vella, Federación de Libreiros de Galicia, Fundación Rosalía de Castro, Museo do Pobo Galego, Grupo Chévere – Sala Nasa, Asociación Novo Circo e Cabaret Galego, Asociación Cultural Musical Solfa e Asociación Traxe Galego.

URXENCIAS

1.- Adxudícase provisionalmente o contrato para o **deseño, desenvolvemento, subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a musealización do centro de interpretación do medio urbano e natural de Santiago de Compostela** á empresa TERRANOVA INTERPRETACIÓN Y GESTIÓN AMBIENTAL, SL, por un importe de 199.999,99 euros.

2.- Apróbbase a inscrición no Rexistro Técnico de Rehabilitación como empresa homologada, con carácter provisional, de FERNANDO FIGUEIRAS CRUCEIRO.

3.- Apróbbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación do **arrendamento de equipos de iluminación pública e instalación nas rúas e**

prazos do Casco Histórico e do Ensanche de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2010 por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 82.571 euros.

4.- Acórdase substituír o proxecto de “espazo multifuncional para usos socioculturais e deportivos” polo proxecto de “substitución de especies arbóreas e restauración das beirarrúas afectadas polo arborado no barrio das Fontiñas” por un importe total de 350.000 euros e un prazo de execución de 3 meses.

5.- Apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria das axudas á promoción de actividades empresariais na cidade histórica para a súa publicación no BOP.

6.- Acórdase a venda da parcela D do Polígono Industrial do Tambre de acordo coa solicitude de compra presentada pola Confederación de Empresarios de Galicia e a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, co obxectivo de implantar nela unha área de servizo que albergue tanto as instalacións da propia Confederación coma un equipamento de servizos do polígono (gardería, instalacións deportivas, área de hostelería e de restauración, etc) por importe de 446.828 euros máis IVE. (527.257,04).

7.- Autorízase á empresa PROYFE, SL a redacción do proxecto modificado número1 das Obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade de Santiago (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro) por importe de 575.472,14 euros.